



Sobre estas liñas, Pilar Otero (á esquerda) con outros profesores en Plymouth. Alumnos do proxecto (arriba) e (abaixo) Pilar Otero nunha explicación. AMA

IES DE RIBADEO NO ERASMUS + ▶ O IES de Ribadeo Dionisio Gamallo rematou a súa participación nun proxecto educativo que fomenta as novas tecnoloxías e as boas prácticas no alumnado. Alumnos e profesores beneficiáronse de intercambios educativos e formación no estranxeiro grazas a este programa promovido pola Unión Europea

Europa como base educativa

TEXTO: **C. MÉNDEZ**
FOTO: **AMA**

ACHEGAR EUROPA aos estudantes ao tempo que se fomenta a educación baseada nas novas tecnoloxías e no uso de boas prácticas entre o alumnado é unha das bases do programa educativo Erasmus + KA1, que promovido pola Unión Europea pretende achegar tamén aos mozos o coñecemento das institucións europeas.

O instituto de Ribadeo Dionisio Gamallo decidiu participar no programa converténdose así nun dos 300 centros españois que formaron parte desta iniciativa, que terá a súa continuidade a partir de setembro e na que o instituto ribadense volverá a formar parte.

Durante este dous últimos anos o centro experimentou cun programa piloto onde alumnos e profesores foron un paso máis alá, e a través das materias impartidas coñeceron un pouco máis sobre Europa.

Pilar Otero e Manel Yáñez, docentes de Lengua e Literatura Española e Filosofía respectivamente, tiveron a sorte de participar neste proxecto, que segundo sinalan lles permitiu «aumentar a nosa formación e entrar en contacto con outros compañeiros e outras formas de ensinar».

Ambos docentes valoran moi positivamente as experiencias vividas durante estes dous anos, tanto a nivel formativo como ta-

mén no apoio que supón para os estudantes do seu centro, que tiveron a posibilidade de profundizar un pouco máis no coñecemento das institucións europeas.

Manel Yáñez, encargado de impartir a asignatura de Europa sinalaba que esta materia lle permitira ao alumnado «coñecer o inicio da creación do organismo, as características dos países, e tamén como funcionan as institucións», e tamén participando en proxectos como o coñecido 'Modelo de Parlamento Europeo' onde os alumnos levaron a debate, con alumnos doutros centros, as súas propias iniciativas.

Dentro do proxecto Euro-Scola os rapaces tamén se achegaron ao dereito europeo, estudando a constitución europea e outros aspectos legais.

Ademais do estudo da Comunidade Europea e as súas institucións, os alumnos puideron vivir de primeira man un intercambio con outros de Alemaña. Os alumnos galegos asistiron durante dez días a un instituto alemán onde recibiron clases de inglés e colaboraban nas de español, ademais de visitar lugares de entidade como os campos de concentración de Auschwitz e sen olvidar, por suposto, a convivencia coas súas familias de acollida.

Este intercambio, sinala a profesora Pilar Otero, foi «moi ben acollido polas familias» que nes va-

loraban as posibilidades dos seus fillos de coñecer outras culturas.

PROFESORADO. Mais non só os alumnos tiveron as posibilidades de visitar outros centros no estranxeiro, senón que Pilar Otero e Manel Yáñez tamén tiveron estancias no estranxeiro para mellorar a súa formación.

Manel Yáñez estivo na localidade de Ostia, preto de Roma, e sina-

O programa aporta a cada centro unha subvención de 60.000 euros, o que permite que docentes e alumnos se formen

laba que o centro no que estivera, a pesares de non contar con tantos medios como aquí «participa en moitas actividades europeas».

Pilar Otero, que foi de intercambio á cidade inglesa de Plymouth, destacou os espazos abertos dos centros educativos —que foron deseñados en conxunto cos arquitectos— que favorecen o intercambio educativo entre alumnos e profesores. Ademais disto a docente sinalou que os alumnos «podían usar libremente as aulas no seu tempo libre, e o móbil, que aquí está prohibido, alí pódono usar un 30 % do tempo para buscar información de traballos».

Outro aspecto que destacou Otero foi o feito de que o centro no que estivo —situado nunha

zona conflictiva e con familias de poucos recursos — o centro «costea pois o uniforme dun alumno se non pode pagalo» así como outras necesidades que poidan ter o alumnado e que dificulten a súa integración cos seus compañeiros.

Por último, tanto Otero como Yáñez sinalaron o éxito da educación aberta nestes países, —sinalando por exemplo unha clase de cocina facendo e cunha profesora de español para aprender vocabulario— e manifestaron que para que estas iniciativas poidan ter éxito no sistema educativo español o currículo «debe ser máis aberto e fomentar outras formas de aprender», segundo sinalaron os mestres.



Manel Yáñez (terceiro pola esquerda), nunha reunión con profesores en Ostia. AMA